

Memoria breve de Manuel Lueiro

Herminio Barreiro

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

BARREIRO, HERMINIO (2011 [1991]). “Memoria breve de Manuel Lueiro”.
Dorna: 17, 85-87. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/632>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

BARREIRO, HERMINIO (1991). “Memoria breve de Manuel Lueiro”. *Dorna*:
17, 85-87.

* Edición dispoñíbel desde o 13 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

MEMORIA BREVE DE MANUEL LUEIRO

Herminio Barreiro

Non é posible enxuiciar críticamente as persoas queridas. Elas forman parte para sempre de nós mesmos. Unicamente poderíamos aspirar á autocrítica colectiva e xeracional, da que non hai maneira de separar razón e sentimento, na que non cabe ningunha obxectiva distanciación, na que entran sempre as lembranzas que queiman.

A historia das persoas queridas é a historia de nós. Todo debe, pois, reducirse á memoria persoal, á memoria moral e afectiva, á memoria xustificativa (sí, xustificatiba), testemuñal e interesada dos amigos. Dos amigos que están e que se foron. Dos amigos con quen construimo-la nosa vida en común. Dos amigos sempre aceptados como son e como foron. Dos amigos que viven a súa vida connosco. Dos amigos fundamentais ós que nos sentimos atados ciceronianamente tal e como son, tal e como foron. Dos amigos, compañeiros e camaradas, con quen os ideais se materializan e se conforman cada día. Dos camaradas, compañeiros e amigos con quen exercitamos permanentemente a nosa liberdade. Dos compañeiros, amigos e camaradas que nos fan ser o que somos...

E Manuel Lueiro será sempre un anaco queridísimo de nós mesmos. El é parte inseparable da nosa vida e do noso mundo. Palabra do noso tempo. Vibración común de sentimentos comúns. Discurso común de idénticos razoamentos.

“Os deixo por el viento...”, dicíanos na súa estremecedora despedida. “¿Qué es la muerte?... Sólo es un pedazo de tiempo que nos aguarda. La sonrisa de la muerte, es la misma sonrisa de esta vida. Soy lo que soy: un hombre. Un pedazo de tierra que se esparcirá en el tiempo...”.

Meditatio mortis materialista e consecuente coa súa propia vida. Lección derradeira do amigo de sempre, en paz consigo mesmo e con tódolos seus (“A todos los míos: como presencia”).

“Os deixo por el viento...”. Fermosísima evocación que se me renova a cotío cos ventos deste outono 90 en que nos deixou... Sei con certeza que chegará sempre co vento a lembranza gozosa e dorida da súa memoria. Manolo Lueiro xa está definitivamente no vento da historia, no vento de outono, no permanente vento atlántico, en tódolos ventos que, con León Felipe, con Miguel Hernández, con Pablo Neruda e con tantísimos outros poetas, él tanto amou... “Polvo enamorado”, eso é hoxe xa Manuel Lueiro. Polvo aventado, perpetuamente renovado.

Poeta, sentimento de poeta, razón de poeta, conducta de

poeta, vida de poeta, soedade de poeta, tristeza de poeta, ledicia de poeta, amor de poeta, mirada de poeta, paixón de poeta... Esa era a razón vital de Manolo Lueiro. Toda a súa obra está transida de poesía. Era igual que escribira en prosa ou en verso, que constuira a trama dunha novela ou que modelara a mini estrutura dun artigo de prensa, que traballara un soneto ou que troquelara a pequena pérola dun canto. Manolo Lueiro facía sempre poesía. O seu corazón latexaba poeticamente. Manolo respiraba poesía...

Poesía, comunicación e compromiso. Con tódolos seus e consigo mesmo. Vida enteira entregada ó seu pobo e ó seu tempo. Vida consagrada a meditar a fondo sobre a condición humana. Vida decidida e pensada sempre para os demais. Vida vivida, comprometida e permanentemente comunicada. Vida dada intensamente e fondamente sentida.

¡Imposible! Imposible separa-lo home da súa obra. Imposible falar da literatura de Lueiro sen falar de Lueiro. Imposible entender-lo seu canto agónico sen imaxinalo na defensa activa da gloriosa experiencia republicana. Manolo mozo, vivindo o alborear desbordante do seu pobo ("Yo soy aquel hombre alegre que sabe que aún no ha muerto la voz que le quitaron"). Manolo, vivindo aquel soño auroral cegado pola noite máis tétrica. Manolo, sabendo que un longuísimoo tempo histórico de escravitudes e servidumes caía inexorablemente aquel 14 de abril... ("Y cada vez que pienso que el vivir comenzaba a ser hermoso, se me llena de llanto la mirada").

A mediados dos 50, coñecín a Manuel Lueiro. Espertaba eu á vida nun tempo e nun país ateigados de miseria e de mediocridade. Tempo que nos fora arrebatado. País que non era noso. Buscando referencias. tratando de atopar-las raíces. Un libro de Lueiro fíxome cavilar por aqueles anos: *Nacencia*, o seu primeiro libro. *Nacencia*, unha anunciación. O mundo de Pontevedra, O Grove e a ría de Pontevedra, transmutados en densa materia literaria. Os mariñeiros, os canteiros, e noso pobo silenciado, polas súas mans de artista e polo seu corazón de poeta. ¡Alí estaba o noso norte! ¡Alí estaba a referencia insoslayable!

Despois, todo foi, para moitos de nós, con Manolo Lueiro, certidume e transparencia: *Invierno entre los árboles*, *La noche espera al alba*, *Manso*, *Juncia de amor y vida*. Literatura en proceso de elaboración e recreación. Literatura publicada. Literatura atormentada pola ansiedade, o compromiso permanente e a rente do chan, a comunicación máis punxente, co corazón esgazado. Literatura que era para nós pura aprendizaxe moral, política e humanista.



Desde aquela, con Manolo Lueiro, poidemos segui-la recta liña e a clara conducta que se nos brindaba cada día na singular mestría dos seus artigos de prensa. Crítica fonda, mordaz, irónica, lírica ou sarcástica, dunha realidade en branco sobre negro. Acompañamento desafoante nun mundo ás veces difícilmente soportable. Sino, parece, dunhas xeracións que gañaban cada día o aire que respiraban. Día a día interminable de infamias que non rematan. Meditación clandestina daquela clandestinidade política e militante para vibrar e bramar. Memoria tensa e intensa dunha vida transparente, loitadora e insumisa que quedará connosco para sempre.

Manuel Lueiro fóisenos co vento, pero co vento está a volver a nós cada día. “Vientos del pueblo me llevan, vientos del pueblo me traen”. Con Miguel Hernández —tan querido e admirado por Lueiro—, Manolo está enterrado no fondo máis fondo do corazón popular. Do corazón inmortal que nunca deixará de bater con todos e por todos.

Connoso estás, Manuel, para sempre. As vidas non son ríos que van parar ó mar, que é morrer. Máis ben os ríos —os nosos ríos— son vidas que van dar no morrer, que é o noso mar... Quedas connosco na túa morte viva.